

Luns, 10 de febreiro de 2020

Núm. 27

## **ADMINISTRACIÓN LOCAL**

### **MUNICIPAL**

#### **CERDEDO - COTOBADE**

#### **Outros documentos, notificacións e informacións públicas**

#### *APROBACIÓN DAS BASES DO PLAN CULTURAL*

#### *ANUNCIO*

Por Decreto de Alcaldía de data 04.02.2020 adoptouse a seguinte resolución:

“O Concello de Cerdedo- Cotobade na súa labor de promocionar o folclore tradicional do concello e o apoio as Comisións de festas na súa actividade, desenvolverá para o ano 2020 un Plan Cultural para os grupos musicais e para as Comisións de festas do termo municipal do Concello de Cerdedo- Cotobade

Por isto e tendo en conta o establecido no artigo 21.1.g) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, esta Presidencia

#### *RESOLVE:*

*Primeiro:* Aprobar as seguintes bases para o Plan Cultural Municipal do Concello de Cerdedo- Cotobade:

#### **BASES DO PLAN CULTURAL DO CONCELLO DE CERDEDO-COTOBADE PARA O ANO 2020**

#### *Obxecto:*

O Concello de Cerdedo-Cotobade no seu afán de promocionar os actos e manifestacións culturais propias, e especialmente aquelas que teñen establecido unha raigame importante dentro do termo municipal, impulsa o Plan Cultural para as Comisións de Festas e Grupos musicais do Concello.

Por eso,ponse en marcha o PLAN CULTURAL MUNICIPAL mediante o cal se retribuirá aos grupos polas actuacións autorizadas e realizadas ao longo do ano 2020.

Consonte ao anterior e conforme ao disposto na Lei 7/1985, de bases de réxime local, na Lei 5/1997, da administración local de Galicia, na Lei 38/2003, Xeral de Subvencións de Galicia, na Lei 38/2003, Xeral de Subvencións e Real Decreto 887/2006 polo que se aproba o seu regulamento, na Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia e con cargo aos orzamento do Concello de Cerdedo- Cotobade para o ano 2019, convócase para o período que vai comprendido entre o 01 de xaneiro e o 15 de decembro de 2019 a subvención do Programa Plan Cultural con cargo á aplicación orzamentaria 334/22609, cun importe total de 26.000,00 €.



### *DESTINATARIOS*

- Comisións de Festas, asociacións ou veciños que promovan actos culturais, festas patronais, ou outros eventos de importancia para a difusión e coñecemento das costumes, tradicións e outras actividades que promovan o coñecemento do Concello de Cerdedo- Cotobade.
- Agrupacións musicais con base no Concello de Cerdedo -Cotobade, para elo deberán de figurar no Rexistro de Asociacións do Concello de Cerdedo- Cotobade. Cada agrupación poderá inscribirse en diferentes grupos: baile, canto, música,...

### *PRAZOS DE PRESENTACIÓN*

Inclusión de Grupos. Os grupos deben formar a súa inclusión no Programa no prazo dun mes desde o día seguinte á publicación da presente convocatoria no BOP de Pontevedra

Solicitude por parte das Comisións de Festas. Estará aberta a convocatoria durante todo o ano e concederanse segundo a orde de entrada no rexistro municipal, salvo causa ou forza maior, que se xustificará motivada. Deberán de todos xeitos solicitala coa antelación de un mes a súa celebración como mínimo e terán que haber solicitado o permiso municipal correspondente para a celebración do evento.

### *DOCUMENTACIÓN*

As solicitudes realizaranse segundo o modelo normalizado creado para este fin, que se facilitará no Departamento de Cultura do Concello de Cerdedo Cotobade, ou na páxina web [www.cerdedo-cotobade.gal](http://www.cerdedo-cotobade.gal).

Presentarase no rexistro do Concello de Cerdedo-Cotobade, xunto coa seguinte documentación:

#### Agrupacións Musicais

- Certificación da conta bancaria
- Relación nominal dos compoñentes, xunto co DNI
- Copia do CIF da entidade
- Copia da exención de IVE se contan con ela.

Comisións de Festas, asociacións veciños, xunto coa solicitude o DNI do representante perante a administración para este trámite e o compromiso de inclusión da colaboración do Concello na publicidade ou cartaz do evento

### *CLASIFICACIÓN*

As agrupacións musicais presentarán unha solicitude por cada unha das categorías destas clasificación as que poidan optar.

- **BANDAS DE MÚSICA:** onde actuarán mais de 10 membros



Luns, 10 de febreiro de 2020

Núm. 27

- CHARANGAS. Actuarán mais de 5 membros
- GRUPOS DE GAITAS: onde actuarán mais de 3 membros
- PANDERETEIRAS: actuarán mais de 4 membros
- CORAIS: actuarán mais de 7 membros.

### SELECCION

A selección e inclusión dos grupos peticionarios e das Comisións será realizada polo Departamento de Cultura, seguiranse os seguintes criterios

So se poderá solicitar un grupo por festa, cun máximo de dúas festas por parroquia.

Terán preferencia as festas patronais da parroquia, seguidamente outros eventos de carácter social .

Interese da celebración

Número de persoas convocadas

Raigame da celebración,

Numero de actuacións levadas a cabo, o Departamento pode pórse en contacto coa comisión, asociación ou veciños para solicitar outro grupo, cando o que solicite teña xa cubertas todas as actuacións dispoñibles

Calquera outro que puidese resultar de interese para o fomento da cultura, turismo e difusión do Concello de Cerdedo -Cotobade....

### RETRIBUCION

As retribucións que aparecen aquí levan o IVE engadido no caso de non contar coa exención.

Banda: 500,00 € , solicitaran un máximo de 23 actuacións

Charanga: 400,00 € solicitaranse un máximo de 10 actuacións

Gaita: 300,00 € solicitaranse un máximo de 28 actuacións

Pandeireta: 250,00 € solicitarase un máximo de 6 actuacións

Corais: 150,00 € solicitarase un máximo de 4 actuacións.

Se ao final do exercicio houberse déficit nalgunha das categorías, podería traspasarse a outra categoría que conte con solicitudes pendentes.

### SOLICITUDE DAS ACTUACIÓNS

As organizacións que leven a cabo a programación dos eventos terán que pórse en contacto co grupo acollido dentro do Plan.



Luns, 10 de febreiro de 2020

Núm. 27

Os adxudicatarios están obrigados a facer mención na publicidade do patrocinio do Concello de Cerdedo- Cotobade.

Establecese un tope máximo de 73 actuacións dentro do Concello de Cerdedo- Cotobade.

#### *OBRIGAS DAS AGRUPACIÓNS MUSICAIS*

As agrupacións están obrigadas a executar as actuacións que se lles asigne, cumprindo os requisitos de cada categoría establecidos anteriormente.

#### *PAGO*

As agrupacións emitiran a correspondente factura o Concello de Cerdedo- Cotobade, facendo constar na descrición o nome da festa e a mención ao Plan Cultural

Así mesmo xuntarán a factura o comprobante da realización da actuación, debidamente asinado polo representante da Comisión de Festas ou Asociación a que lle foi concedida a mesma, facendo constar a axeitada realización da mesma, xunto co cartaz da festa.

*Segundo:* Ordear a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia”

O Alcalde

Jorge Cubela López

(asinado dixitalmente ao marxe)

